



Deputación Pontevedra

REGISTRO XERAL

Data: 20 OUT. 2014

ENTRADA

Núm: 7481

MPN/PNB

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, ditou a seguinte RESOLUCIÓN:

“En relación á concesión de subvención con cargo á cantidade que lle corresponde ao Concello de BUEU no Plan Urxente de Mantemento de Infraestruturas Municipais para o ano 2014 (PUSIM/14) para financiar o investimento “*PROXECTO DE SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU*”, (Ref.: PUSIM/14/00930/201400291) por un importe total de 40.000,00 euros,

Vista a solicitude e toda a documentación necesaria para a válida concesión da subvención; visto o informe dos servizos técnicos provinciais de supervisión e comprobación do proxecto do investimento proposto; visto o informe de fiscalización de intervención do expediente de subvención; vista a proposta de resolución do Servizo de Cooperación, segundo o cal procede a confirmación de subvención para financiar o investimento proposto polo concello.

RESOLVÍN:

1º- CONCEDERLLE ao Concello de BUEU, CIF.: P-3600400J a cantidade de 40.000,00 euros, para a realización do investimento “*PROXECTO DE SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU*”, (Ref.: PUSIM/14/00930/201400291), cun orzamento polo mesmo importe, é dicir, 40.000,00 euros.

Na aplicación 2014.942.942.762.45, existe crédito para atender a este gasto.

A licitación, execución e xustificación deste investimento realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do PUSIM/14, aprobadas en acordo plenario o 28 de febreiro de 2014 e publicadas no BOP núm. 44 do 5 de marzo de 2014 (dispoñibles tamén na web www.depo.es) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



Asemade,ao abeiro da base décimo sexta do PUSIM/14, o investimento deberá estar executado e xustificado, na súa totalidade, o 31 de decembro de 2015. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á revogación da subvención concedida.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente”

O que lle traslado para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 14 de outubro de 2014

O secretario



SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BUEU